

Convenio colectivo de Babé y Cía, S.L.
(Anos 2005-2006)¹

Artigo 1º.-Ámbito territorial, funcional e persoal.

Este convenio afecta a empresa Babé y Cía, dedicada á actividade do transporte de distribución de produtos petrolíferos, e os seus traballadores empregados exclusivamente na dita actividade e que presten os seus servizos nos centros de traballo situados na provincia de Pontevedra, ou nos centros que poida crear esta empresa para a distribución dos produtos indicados en provincia distinta da citada.

Artigo 2º.-Vixencia e duración.

Este convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2005 calquera que sexa a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, e abranguerá o período comprendido entre esa data e o 31 de decembro do ano 2006, agás prórroga tácita por anos naturais, se non é denunciado formalmente por calquera das partes, polo menos, con tres meses de antelación á data do seu vencemento ou, se é o caso, de calquera das súas prórrogas.

Artigo 3º.-Concorrencias do convenio.

Este convenio rexerá nos seus propios termos e sen ningunha variación durante os anos 2005 e 2006. En consecuencia, durante a súa vixencia non poderá aplicarse, no ámbito que comprenda, outro concorrente total ou parcialmente, en calquera dos aspectos territoriais, funcional ou persoal.

Artigo 4º.-Compensación e absorción.

As condicións pactadas neste convenio compensaranse na súa totalidade coas que anteriormente viñesen desfrutando os traballadores, calquera que fose a súa orixe, denominación ou forma en que estivesen concedidas, respectándose as condicións máis beneficiosas con carácter ad personam, sempre que en conxunto e en cómputo anual sexan superiores ás establecidas neste convenio.

As disposicións legais que puidesen implicar variación económica en todos ou cada un dos conceptos retribuídos, unicamente terán aplicación práctica se, globalmente consideradas en cómputo anual, superan o valor destas.

Artigo 5º.-Vinculación á totalidade.

No suposto de que por calquera causa se modificase algunha das cláusulas establecidas neste convenio, quedará todo sen eficacia, debendo procederse a un novo estudo de negociación da totalidade do seu contido, que debe ser un e indivisible.

Artigo 6º.-Facultades da empresa.

Son facultades da dirección da empresa, entre outras:

- a) A organización e reestruturación da empresa, imposta por necesidades do servizo público que presta a súa organización e estabilidade.
- b) A adaptación de métodos ou sistemas de traballo, oído o comité de empresa.
- c) Fomentar a produtividade, exixindo uns rendementos normais de traballo.
- d) Todas as facultades que se atribúe a empresa en virtude dos dereitos que lle outorga a lei serán coa información previa ao comité de empresa, que procurará que sexan desenvolvidas coa máxima equidade e xustificación.

Artigo 7º.-Obrigas do condutor.

¹ Publicado no DOG núm. 137, do 18 de xullo de 2005.

Sen prexuízo das obrigas xerais do condutor no desempeño da súa función laboral, concrétnanse como específicas desta actividade as que seguen:

- a) Conducir calquera vehículo da empresa segundo as necesidades desta, sendo responsable del e da mercadoría que transporta, durante a viaxe que se lle encomendase e da documentación do vehículo.
- b) Facilitar un parte diario por escrito do servizo efectuado e do estado do camiión, a súa cisterna e elementos accesorios que se fixen.
- c) Na súa cartilla de control habilitada pola empresa, o condutor anotará o inicio da súa xornada, os percorridos polos itinerarios e os tempos reais ou previstos que se fixen, as avarías que se poidan producir, así como a hora de finalización da súa xornada. As follas da cartilla de control serán por duplicado para que lles quede constancia ao condutor e mais á empresa.
- d) Inspeccionar o estado, limpeza e conservación dos vehículos, as súas cisternas e elementos accesorios.
- e) Empalmar e desempalmar mangueriras, abrir e pechar válvulas, axustar e desaxustar brazos de carga e descarga, e demais mecanismos utilizados para o enchido e baleirado das cisternas, realizando estas funcións e as súas complementarias, tanto se estes elementos son do seu propio vehículo como se son alleos a el, e aínda que teña que verificar estas opcións dentro do recinto da entidade cargadora.
- f) Coñecer o funcionamento e uso dos aparellos de extinción de incendios e executar estas operacións cando proceda, e asistir dentro da xornada de traballo ás prácticas de adestramento daqueles.
- g) Durante o enchido e baleirado das cisternas, verificará a operación de purga en cada compartimento, comprobando a ausencia neles da auga decantada.
- h) Observar as normas legais vixentes en cada momento, así como as establecidas por CLH, S.A. e as compañías operadoras, e as que se diten con carácter xeral en relación coa circulación e transporte de produtos petrolíferos, en especial o disposto nas normas e procedementos do sistema de calidade de Babé y Cía, conforme a norma ISO 9002.

Artigo 8º.-Xornada de traballo.

A xornada de traballo será de corenta horas semanais, de acordo co calendario laboral, en cómputo semanal.

Cando a organización do traballo o permita, e sempre co acordo previo entre empresa e administrativos, implantarase a xornada continuada para estes, respectándose os que a teñen concedida.

Todas as horas que superen ou excedan as corenta semanais ou as 8 diarias, terán a consideración de extraordinarias ou de presenza para todo o persoal.

Dada a característica desta actividade, cando as necesidades do servizo o requiriran, realizaranse as horas extraordinarias e de presenza que, como máximo, están permitidas na lexislación vixente.

A normativa legal vixente aplicarase tamén no que respecta ao descanso semanal e diario.

Os sábados e festivos nos que por necesidades do servizo se traballe serán rotativos para o persoal condutor e remunerados da seguinte forma:

-Os sábados serán aboados na cantidade fixa do anexo II polas 8 horas de traballo, tanto efectivas como de presenza, e un día de descanso de com

pensación. Todo o que exceda as 8 horas pagarase como horas extras.

-Os festivos aboaranse na contía fixada no citado anexo II por 8 horas de traballo, tanto efectivo como de presenza, e todo o que exceda as 8 horas pagarase como extras e sen día de descanso compensatorio.

No caso de ser requirido o servizo de taller, en sábado ou festivo, a remuneración aplicable será a mesma que para o persoal condutor.

Artigo 9º.-Definición de tempo de traballo efectivo e tempo de presenza:

Tempo de traballo efectivo:

-A condución dos vehículos.

-A parte do tempo empregada nos procesos de carga e descarga do vehículo que exige a participación activa do condutor con manexo de elementos de conexión ou dispositivos de enchido de vehículo.

En situación de avaría e mantemento:

-O tempo de reparala, sempre que a reparación a realice o mesmo condutor.

-Cando sexa preciso o remolque a talleres ou outros lugares nos que se vaia realizar a reparación, o tempo empregado na dita operación de remolque, no caso de que o condutor asuma a condución do vehículo avariado.

Definición do tempo de presenza.

A parte dos tempos de enchido ou baleirado do vehículo que só requira vixilancia do proceso pero non a utilización de equipos ou dispositivos de enchido ou baleirado, aínda que neste tempo se efectúen xestións administrativas relacionadas co cargamento.

As esperas anteriores á carga ou á descarga en orixe ou destino que exixan vixilancia do vehículo.

As esperas por reparación de avarías ou paradas reguladas por este convenio colectivo ou outras regulamentacións, nas que recae sobre o condutor a vixilancia do vehículo.

Terán tamén carácter de horas de presenza, calquera outra que aconselle a práctica de servizo e de común acordo entre a empresa e o comité. Neste caso, teranse en conta para incorporar ao texto de futuros convenios.

Artigo 10º.-Pagas extraordinarias.

As pagas extraordinarias de Nadal, verán e marzo aboaranse na contía de 30 días naturais cada unha delas a razón de salario base máis antigüidade e faranse efectivas o 18 de decembro, 18 de xullo e 18 de marzo, esta última devengada o 31 de decembro (antiga paga de beneficios).

Artigo 11º.-Vacacións e licenzas retribuídas.

Todos os traballadores da empresa desfrutarán dunhas vacacións anuais retribuídas de 30 días naturais a razón de salario base máis antigüidade e o importe dunha bolsa de vacacións que se cifra na

contía, fixada no anexo II, aboándose ambas ao se iniciar o desfrute das vacacións.

O calendario para o desfrute de vacacións será confeccionado na forma que determina o Estatuto dos traballadores e darase a coñecer con tres meses de antelación ao seu comezo,

procurando establecer a oportuna rotación para evitar que o dito desfrute lles corresponda aos mesmos traballadores nas mesmas datas.

Licenzas retribuídas.

Sobre esta materia aplicarase o disposto no vixente Estatuto dos traballadores e demais disposicións legais, coas seguintes excepcións:

- a) Os días de licenza serán retribuídos a razón do salario base do convenio máis a antigüidade que corresponda.
- b) En caso de matrimonio, o traballador terá dereito ao desfrute de 15 días por este concepto.
- c) Para atender a asuntos propios que non admitan demora, o traballador terá dereito durante un ano á licenza dun a seis días, sen ter que xustificar as causas.
- d) En caso de falecemento de cónxuxe, descendente, ascendente, irmáns, tíos consanguíneos, o traballador desfrutará de dous a sete días por determinar segundo a distancia e circunstancias que concorran no caso.
- e) No suposto de falecemento de ascendentes, irmáns e tíos afíns, o traballador desfrutará de licenzas de dous a catro días, a duración das cales tamén se determinará en consideración á distancia e circunstancias concurrentes.
- f) En caso de parto da esposa, compañeira, enfermidade grave do cónxuxe, ascendentes, descendentes e consanguíneos, a licenza será de tres a sete días, tamén fixados en atención á distancia e circunstancias concurrentes.

Artigo 12º.-Complemento de perigosidade.

Os produtores que, como consecuencia da actividade que desenvolven na empresa, manipulen ou transporten habitualmente mercadorías explosivas ou inflamables, percibirán un complemento do 15% sobre o salario base por día traballado.

Os sábados non festivos consideraranse como efectivamente traballados para os exclusivos efectos do devengo deste complemento.

Artigo 13º.-Complemento de locomoción.

Establécese a cantidade fixada no anexo II en concepto de complemento de transporte para o persoal condutor, e para as restantes categorías a cantidade fixada no citado anexo II, que se percibirá por día efectivamente traballado.

Os sábados non festivos consideraranse como efectivamente traballados para os exclusivos efectos do devengo deste complemento.

Artigo 14º.-Horas extraordinarias e complemento de actividade.

Sobre as horas extraordinarias respectarase o establecido no artigo 35 do vixente Estatuto dos traballadores; non obstante, páctase expresamente o valor da hora extraordinaria e o complemento de actividade nas contías fixadas no anexo II deste convenio.

Tendo en conta a natureza do traballo que se realiza no transporte de mercadorías perigosas, e o específico de distribución de produtos petrolíferos, as horas extras co seu valor pactado terán o carácter de estruturais de mantemento, de conformidade coa lexislación vixente.

Co obxecto de reducir a aglomeración de vehículos nos cargadeiros, coa conseguinte perigosidade e o número de horas de presenza, páctase dentro da xornada laboral unha flexibilidade na entrada ao traballo, que se gradúa entre as 6.30 e as 8.45 horas.

O persoal comprométese a realizar as horas establecidas no Real decreto 1565/1995, ou do que o substitúa, comprometéndose así mesmo a empresa a distribuír as ditas horas de forma equitativa e que permita a igualdade de oportunidades.

Estas horas serán supervisadas periodicamente polo comité de empresa e, se se detectan anomalías, e estas non se corríxen, levará consigo a modificación ao anterior horario non flexibilizado.

Fíxase un complemento de actividade, cunha contía que se paga por hora que se exceda das 8 diarias de media semanal, que terá a consideración de complemento por cantidade e calidade de traballo, de acordo co artigo 39 do Acordo xeral para o transporte.

Artigo 15º.-Axudas de custo.

Fíxase a contía da axuda de custo para todo o persoal a que afecta este convenio nas cantidades que figuran no seu anexo II.

Estas axudas de custo devengaraas o persoal condutor sempre que realice servizos co camión, incluídos sábados e festivos.

Para as comidas en ruta, o condutor dispón de hora e media, á súa conveniencia.

Artigo 16º.-Roupa de traballo.

Ao persoal de tráfico facilitaráselle como roupa de traballo, unha vez ao ano, dous pantalóns, dúas camisas, unha chaqueta curta de tea, un par de zapatos ou botas, e luvas segundo as necesidades, e cada dous anos: un anorak ou roupa de auga.

Aos administrativos, unha chaqueta curta de tea ao ano.

Aos mecánicos, tres fundas e un par de botas ao ano.

Esta roupa entregarase coa obrigatoriedade de que na xornada de traballo vaian provistos do uniforme correspondente.

A roupa de traballo deberá entregárselles a todos os traballadores dentro do primeiro semestre do ano.

Artigo 17º.-Suspensión do permiso de condución ou autorización para conducir mercadorías perigosas.

En caso de que un condutor sufra a retirada do seu permiso de conducir ou carné T.P.C. por sentenza ou resolución firme da autoridade competente e de forma definitiva ou temporal, a empresa asegurarlle un novo posto de traballo segundo a elección desta, e o interesado percibirá a remuneración correspondente á súa nova categoría.

Ao remate da duración da suspensión do permiso, será reintegrado á súa antiga categoría e posto de traballo.

Enténdese que sempre e cando estea conducindo ao servizo da empresa, exclusivamente e non vulnere o artigo 7 do Real decreto 1999/1979, do Regulamento de mercadorías perigosas, ou do que o substitúa.

Aplicarase o mesmo artigo 17º, sempre que ao condutor se lle retirase o seu permiso de conducir, media hora antes e media hora despois da súa entrada e saída ao traballo.

A empresa terá a obriga de manter como máximo o seguinte número de condutores afectados en función do número de condutores.

En cadro de persoal de ata 20 condutores: un.
En cadro de persoal de entre 21 e 40 condutores: dous.
En cadro de persoal de entre 41 e 60 condutores: tres.
En cadro de persoal de entre 61 e 80 condutores: catro.
En cadro de persoal de máis de 80 condutores: cinco.

Artigo 18º.-Comisión mixta.

Constitúese unha comisión mixta como órgano de interpretación e vixilancia do cumprimento do convenio. Terá o seu domicilio no centro de traballo de Vilar de Infesta e estará composta por seis membros designados pola metade de cada unha das partes, empresarial e social.

As partes poderán utilizar os servizos de asesores, os que designará libremente e á súa custa, e terán voz pero non voto.

Serán funcións da comisión paritaria as seguintes:

Vixilancia e seguimento deste convenio e interpretación dos seus preceptos.

Constitución de ponencias ou comisións e elaboración de estudos sobre calquera aspecto de relacións laborais no ámbito da empresa, incluída a normativa básica sobre promoción profesional.

Estudo sobre a aplicación á actividade da empresa da Lei de prevención de riscos laborais e o seu desenvolvemento.

Acordos sobre formación continua, para adaptarse ás medidas da empresa.

A validez dos acordos da comisión paritaria require que se adopten por maioría de ambas as partes.

A comisión paritaria regulará o seu propio funcionamento e reunirse como mínimo cada tres meses ou cando unha das partes o solicite cunha antelación de 48 horas e o motivo fose transcendente.

Estará constituída, pola parte empresarial, por Federico González-Babé Iglesias e responsables de calidade, e pola parte social, José Luis Rodríguez Pérez, José Costas Alonso e José A. Hermida Cotos. Ambas as partes poden autorizar suplentes que as representen.

Artigo 19º.-Dereito supletorio.

No non previsto neste convenio rexerá o Acordo xeral do transporte aprobado por Resolución do 13 de xaneiro de 1998, da Dirección Xeral de Traballo, dándolle así cumprimento ao establecido na disposición transitoria primeira do dito acordo.

Artigo 20º.-Seguro de vida ou invalidez.

Para o persoal que se rexa por este convenio, nos casos de morte ou invalidez permanente total ou absoluta derivados de accidente de traballo ou enfermidade profesional, a empresa garantiralles aos herdeiros ou ao traballador, unha indemnización por un importe de 34.045 euros, e concertará obrigatoriamente para tales fins a póliza de seguros. Para o caso de gran invalidez, a contía será de 49.524 euros.

Artigo 21º.-Incapacidade laboral transitoria.

Aos traballadores afectados por este convenio, que se encontren na situación de IT (incapacidade temporal), calquera que sexa a causa determinante, a empresa aboaralles un complemento ata cubrir o 100% da base reguladora da prestación da Seguridade Social e a partir do 120 día de baixa. Durante os primeiros 30 días de baixa por enfermidade, aboarase tamén o dito complemento para cubrir o 100% da base reguladora.

Artigo 22º.-Acción sindical.

En canto aos dereitos de representación colectiva e de reunión dos traballadores na empresa, aplicarase o establecido na Lei 8/1980, do 10 de marzo, do Estatuto dos traballadores.

Non obstante o disposto anteriormente, non se computarán dentro das horas dispoñibles as que correspondan a reunións de comisións deliberadoras do convenio e comisións mixtas que, sendo regulamentariamente convocadas, terán carácter retribuído.

De acordo co previsto no Estatuto dos traballadores e LOLS, poderán acumularse as horas e crédito sindical que lles correspondan aos representantes dos

traballadores (comités de empresa e delegados de persoal), as empresas afectadas por este convenio nun de calquera sindicato legalmente constituído.

Esta acumulación poderá ser das horas sindicais correspondentes a dous meses durante o ano.

Artigo 23º.-Xubilación anticipada.

Os traballadores que se rexan por este convenio e leven como mínimo 24 anos de antigüidade na empresa tendo cumpridos os 60 anos, poderán solicitar a xubilación anticipada.

De acordo coa base reguladora, a empresa aboará mensualmente como cantidade fixa e invariable a diferenza existente entre a cantidade que aboe a Seguridade Social e o 100% da dita base. Esta cantidade poderá ser aboada pola empresa dunha soa vez e en función dos meses que falten ata os 65 anos.

Este compromiso terá como duración ata que cumpra o traballador a idade de 65 anos ou o tope mínimo que en cada momento poida establecer a lexislación vixente para a xubilación voluntaria.

O compromiso rescindirase, así mesmo, cando a empresa deixe a actividade pola que se rexe este convenio.

No caso de non existir acordo entre empresa e traballador, a esa xubilación voluntaria que libremente poderá solicitar o traballador, poderá oporse por causa xustificada o empresario, que levará a petición do traballador á comisión mixta, que decidirá por maioría se procede ou non a xubilación solicitada, sendo vinculante esa decisión.

Artigo 24º.-Retribucións.

Para o ano 2005, as retribucións do persoal afectado por este convenio serán as detalladas no anexo I. En xaneiro de 2006 revisaranse aboándose con efectos retroactivos o 0,50% das cantidades devengadas no 2005.

A partir do 1 de xaneiro de 2006, as retribucións detalladas no anexo I serán incrementadas na porcentaxe disposta legalmente polo Goberno para a inflación prevista para ese ano, incrementando en un 0,5%. Adicionalmente, acórdase unha revisión das cantidades devengadas durante o ano 2006. Se o IPC anual o 31 de decembro de 2006 superase a porcentaxe de inflación prevista máis o 0,5%, esta revisión será igual ao exceso de IPC superior á porcentaxe de inflación prevista máis o 0,5%. Non se producirá revisión ningunha se o IPC real fose inferior ou igual á porcentaxe de inflación prevista máis o 0,5%.

En caso de prórroga do convenio conforme o artigo 2º, procederase á modificación de retribucións aplicándolle a cada un dos conceptos retributivos a variación anual do IPC xeral a 31 de decembro do ano que remata con efectos do primeiro de xaneiro do ano seguinte.

Artigo 25º.-Antigüidade.

Son os complementos salariais, que serán os que se derivan das condicións persoais do traballador que non foran valoradas ao fixar o soldo ou salario.

Teñen carácter de consolidables.

A promoción económica en función do traballo desenvolvido, que se devengará desde o día 1 do mes natural seguinte ao seu vencemento, queda fixada nun 5% do salario base aos cinco anos, un 10% aos dez anos, un 15% aos quince anos, e un 20% aos vinte ou máis anos de servizos computables.

Aos traballadores que viñesen percibindo premios, complementos de antigüidade, calquera que fose a denominación deles, en contía superior á que resulte do novo sistema establecido no parágrafo anterior, respectaráselles a título persoal, mentres lles resulte máis favorable o dereito a cobrar a cantidade que viñesen percibindo por tal concepto o 31 de decembro de 1997. Aos que nesta data estean en curso de adquisición dun novo tramo temporal, recoñeceráselles no seu momento, agás que ambas partes acorden outra forma de compensación, o dereito a cobrar a título persoal, a cantidade que tería devengado ao consolidalos, calculadas consonte o salario vixente en tal momento.

ANEXO I

Táboa salarial



	Grupo 1º	
	* Subgrupo A	
I	Xefe de servizo	1.242,92 €
II	Inspector principal	1.135,89 €
	* Subgrupo B	
I	Enxeñeiro e licenciado	1.166,46 €
II	Enxeñeiro e aux. titulado	952,30 €
III	Axudante técnico sanitario	849,17 €
	Grupo 2º	
I	Xefe de sección	1.013,48 €
II	Xefe de negociado	937,00 €
III	Oficial 1ª	881,92 €

IV	Oficial 2ª	851,32 €
V	Auxiliar administrativo	799,30 €
VI	Aspirante e aprendices	
-Maiores de 18 anos	587,10 €	
-Menores de 16 anos	390,82 €	
	Grupo 3º	
	* Subgrupo A	
I	Xefe de tráfico 1ª	937,00 €
II	Xefe de tráfico 2ª	891,14 €
III	Xefe de tráfico 3ª	885,00 €
IV	Condutor mecánico	875,81 €
V	Condutor	851,31 €
VI	Conductor motociclos	826,84 €
VI	Axudante	814,60 €
Mozo especializado	799,30 €	
Mozo carga, descarga e repartición	784,06 €	
	Grupo 4º	
Xefe de taller	967,61 €	
Encargado contramestre	937,00 €	
Encargado xeral	891,14 €	
Encargado de almacén	885,00 €	
Xefe de equipo	885,00 €	
Oficial de 1ª	875,81 €	

Oficial 2ª	851,32 €	
Oficial 3ª	799,30 €	
Engraxador lavacoches	799,30 €	
Mozo de taller	799,30 €	
Grupo 5º		
Cobrador		799,30 €
Telefonista		784,01 €
Porteiro		784,01 €
Vixilante		784,01 €
Garda de día		784,01 €
Garda de noite		799,30 €
Limpadora (8 horas)		692,21 €

Traballadores entre 16-18 anos aplicado R.D. sobre salario mínimo interprofesional vixente.

ANEXO II

Outros conceptos retributivos

Artigo 8º			
	Aboamentos sábados		42 €
Aboamentos festivos		110 €	
Artigo 11º			
	Bolsa de vacacións		345 €
Artigo 12º			
	Compl. de perigosidade		4,38 €

Artigo 13°			
	Compl. transporte condutor		5,37 €
Compl. transporte restantes		10,68 €	
Artigo 14°			
	Hora extra		10 €
Compl. de actividade	Art. 39 AG.	10 €	
Artigo 15°			
	* Galicia		
	Comida		14,50 €
	Cea		14,50 €
	Noite		14,50 €
	Almorzo		4,49 €
	Total:	47,99 €	
	* Fóra de Galicia		
	Comida		23,21 €
	Cea		23,21 €
	Noite		18,84 €
	Almorzo		4,49 €
	Total:	69,75 €	